

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 2777/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 20 de abril de 2022, relativo a convocatoria pola que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego para a cobertura temporal da praza de oficial/a primeiro/a mecánico/a soldador/a do concello de viveiro.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación. Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

*O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.*

*Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, solicítelles o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto..."*

Vista a base xeral 7.2 que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### **PRESIDENTE:**

**Titular:** Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Don Antonio Río Rodríguez, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

#### **VOGAIS:**

**Titular:** Don Eliseo Maseda Iglesias, Profesor técnico de Formación Profesional na especialidade de soldadura Instituto María Sarmiento de Viveiro.

**Suplente:** Dona María Sonia García Rodríguez, Profesora do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

**Titular:** Don Jose Manuel Ares Sánchez, Profesor técnico de Formación Profesional na especialidade de soldadura Instituto María Sarmiento de Viveiro.

**Suplente:** Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

**Titular:** Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

**Suplente:** D. Luis Rodil Fernández, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.



## Concello de Viveiro

---

### SECRETARIO:

**Titular:** D. Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

**Suplente:** D. Antonio José Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o Venres día 27 de maio de 2022, ás 10:45 horas, para a súa constitución e lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo  
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

